

## LÓXICA FORMAL E INFORMAL – 2º BAC

Nesta materia abórdanse aspectos esenciais da lóxica formal e informal. Posto que a lóxica é a arte (habilidade) e a ciencia (estudo dos principios e regras) que nos ensina a discriminar entre argumentos correctos e incorrectos, esta disciplina contribúe a desenvolver a capacidade para expresar as ideas de maneira clara e concisa, a incrementar a capacidade de definir os termos que utilizamos e aumentar a capacidade de elaborar argumentos de forma rigorosa e analízalos criticamente (evitando caer en trampas e falacias). Aprender e exercitarse na lóxica é, en definitiva, atender á mesma estrutura do pensamento, da racionalidade. Por iso, o interese da lóxica non se circunscribe ao seu valor teórico, senón ás súas calidades como ferramenta imprescindible para formar e desenvolver ás persoas tanto no plano académico como no plano moral e social dotándolles de coñecementos e habilidades para que se desenvolvan da mellor maneira na súa vida social e activa.

Porque contribúe a capacitar ao alumnado para o exercicio do pensamento crítico e autónomo, favorecendo a independencia, a mellor comprensión de si mesmo e a elaboración do seu propio proxecto vital ao permitir descubrir prexuízos, xerar claridade respecto dos obxectivos e valorar a calidade dos argumentos.

Segundo, porque é unha ferramenta que contribúe ao aprecio pola ciencia, ao desenvolvemento dun coñecemento racional do complexo mundo que nos rodea.

Terceiro, porque ao educar na interpretación, expresión, formulación e exposición do propio pensamento e o alleo, ensina a dialogar.

Cuarto, as sociedades e as institucións democráticas requiren cidadáns reflexivos, críticos, que pensen por si mesmos, que e discutan libremente os problemas específicos das sociedades democráticas e dun mundo globalizado e que podan tomar decisións con base na deliberación e a avaliación de evidencias, evitando a demagogia e os usos interesados e fraudulentos de palabras e razóns.

Para finalizar, esta materia pretende ampliar e afondar o tratamento do que é obxecto na filosofía de 1º de Bacharelato. A sobrecarga de contidos que se han de presentar nesa materia obriga a un tratamento moi superficial e fundamentalmente teórico da lóxica. Agora ben, o interese da lóxica no ámbito da educación secundaria (e na propia vida das persoas) radica no seu valor como ferramenta. Na materia de Lóxica formal e informal o que pretendemos é, precisamente, exercitar no uso da lóxica, é dicir en desenvolver as habilidades e competencias necesarias para a súa aplicación no contexto da vida cotiá. Desta maneira parécenos que a materia pode contribuír dun xeito máis efectivo ao logro dos obxectivos do bacharelato.